



## GALICIA REGISTRA UN TOTAL DE 1.677 CASOS ACTIVOS POR CORONAVIRUS

23 09 2021

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade informa que, na última actualización, o número de casos activos de coronavirus en Galicia é de 1.677 deles 426 son da área da Coruña, 322 da de Lugo, 210 da de Ourense, 113 da de Pontevedra, 318 da área de Vigo, 241 da de Santiago e 47 da de Ferrol.

Do total de pacientes positivos, 19 están en UCI, 43 en unidades de hospitalización e 1.615 no domicilio. Polo de agora, en Galicia hai un total de 177.697 persoas curadas, rexistrándose 2.625 falecementos.

O número de PCR realizadas é de 2.819.079.

O número de doses de vacina contra a covid-19 administradas é de 4.342.285.

A Xunta continúa a traballar desde a máxima coordinación interdepartamental e co Ministerio de Sanidade, tamén mantendo o contacto con todos os axentes socioeconómicos de Galicia. Neste senso, Sanidade reitera que segue alerta actualizando todas as medidas e recomendacións e en vixilancia permanente.

### **Uso do 061 para casos graves e emergencias e o 900 400 116 para dúbihdas**

A Consellería de Sanidade reitera que a ciudadanía empregue o número 061 só para emergencias ou casos graves e aconsella utilizar o número gratuito do 900 400 116 para consultar dúbihdas ou síntomas leves de coronavirus.

Sinalar, ademais, que o Sergas ten a disposición da ciudadanía a páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/> na que se pode consultar información dirixida á poboación, aos profesionais sanitarios e a outros colectivos.

### **Rexistro de viaxeiros no 881 00 20 21 e indicacións sobre o uso da máscara**

Lémbrese que as persoas que visiten Galicia nas vindeiras datas e procedan ou estivesen, durante os 14 días previos á súa chegada, nalgún dos territorios con alta incidencia epidemiolóxica incluídos na listaxe publicada no Diario Oficial de Galicia, deberán facilitar os seus datos de contacto ao Servizo Galego de Saúde, ben a través do teléfono 881 00 20 21 ou ben a través do formulario da web do Sergas.

Ademais, reitérase o carácter obrigatorio do uso da máscara en espazos interiores, e en todas aquelas situacions -tamén no exterior-, nas que non se poida garantir unha distancia interpersonal de 1'5 metros, de acordo á Orde do 25 de xuño.

### **Recomendacións**

Os técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade volven reiterar as recomendacións consensuadas entre as comunidades autónomas e o Ministerio de Sanidade, e lembran que, en liñas xerais, aconséllase adoptar as medidas de autoprotección e limitación da diseminación do virus común a calquera infección respiratoria, como a gripe.

Así, extremarase a hixiene de mans, lavándoas frecuentemente, especialmente despois de tusir ou soarse, e cubrirase o nariz e a boca cun pano -preferentemente desbotable- ao tusir ou esbirrar, ou se non se dispón de pano, na cara interna do cóbado. Ademais, evitarse tocar os ollos, o nariz e a boca coas mans.

É importante tamén procurar unha axeitada ventilación dos espazos interiores optando preferentemente por espazos abertos e tratando de evitar aglomeracións.

Non se debe esquecer o mantemento da distancia de seguridade, o uso axeitado da máscara e atender ás restricións específicas que se podian establecer en cada comarca ou concello.